

ORDENANZA REGULADORA POLA TAXA POR LICENCIAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGAMENTO.

Artigo 1. Fundamentos e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985 do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1.988 do 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por licenzia de autotaxis e demais vehículos de alugamento que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal e as súas normas atenden o previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1.988.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúen o feito imponible desta Taxa a prestación dos servizo e a realización das actividades que en relación coas licenzias de auto taxis e demais vehículos de alugamento a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1.979, de 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzias.
- b) Autorización para transmisión de licenzias, cando proceda o seu outorgamento, con arranxo a lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos as licenzias, ben sexa este cambio de tipo voluntario por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamento dos libros- rexistro das empresas de servizos de transporte das clases C e D.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Están obrigados ó pagamento da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade a quen se lle outorgue a concesión e expedición da licenzia, ou a quen se lle autorice a transmisión da dita licenzia.
2. O titular da licenzia do que o vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e do que os seus libros-rexistro sexan dilixenciados.

Artigo 4. Responsabilidades

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persas físicas e xurídicas a que se refira os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria

A cota desta taxa é a seguinte:

	euros
- polo outorgamento de licenzas de taxis no casco urbano.....	556,98
- polo outorgamento de licenzas de no rural.....	185,71
- polo cambio do titular da licenza de taxis no casco urbano...	371,30
- por cambio do titular da licenza en zona rural.....	111,44

A taxa establecida nos dous últimos puntos non se cobrará cando o cambio se produza por herdade ou no caso de falecemento do titular da licencia.

Artigo 6. Exencións e bonificacións

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pagamento da taxa.

Artigo 7. Devengo

1. Cando se trate da concesión de licencias nace a obriga de contribuír na data en que este Concello conceda e expida a correspondente licencia ou autorice a súa transmisión ou no seu caso, autorice a substitución do vehículo. Non obstante, poderase considerar que nace a obriga de contribuír no momento de presenta-la correspondente solicitude.
2. Cando se trate da prestación de revisión de vehículos e de dilixenciamento de libros-registro, a Taxa devengarase no momento en que se inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude dos mesmos.

Artigo 8. Declaración e ingreso

1. A realización das actividades e a prestación dos servicios suxeitos a esta Taxa levaranse a cabo a instancia de parte.
2. Tódalas cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servicios solicitados, precedéndooos contribuíntes ó seu pagamento no prazo establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.
3. Non obstante, poderán os concellos esixi-lo ingreso no momento da presentación da solicitude en calidade de depósito previo.

Artigo 9. Infraccións e sancións

En tódolos relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó posto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 19.10.1989, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Publicación B.O.P.: 27-12-1989

Modificacións realizadas:

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 13.12.2002	12.03.2003
2ª	Pleno 11.11.2003	26.12.2003
3ª	Pleno 08.11.2004	30.12.2004
4ª	Pleno 10.11.2005	29.12.2005
5ª	Pleno 13.11.2006	30.12.2006
6ª	Pleno 05.10.2007	11.12.2007
7ª	Pleno 02.10.2008	10.12.2008